

PAULO ESTÁ DE MAL HUMOR

Texto e ilustracións de NATALIA SHALOSHVILI

Tradución de IAGO NICOLÁS

Encadernado en cartón. 25,5 x 26,5 cm. 32 páx. 16 €

Paulo está de mal humor (galego)

ISBN 978-84-1343-323-3. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Pablo está de mal humor (castelán)

ISBN 978-84-1343-324-0 Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

El mal humor d'en Pau (català)

ISBN 978-84-18558-98-6. Álbum ilustrado. Obres d'autor.

Paulo e a súa mamá están acabando de almorzar e pensan que poden facer hoxe.

-Que che parece se imos ao parque? -di mamá.

-Non! Non quero ir ao parque -contesta Paulo-. Os bambáns balancéanse demasiado, o areeiro está cheo de area e...


Un conto tenro e sensible no que a familia e as amizades son apoios fundamentais para o crecemento persoal.

«Paulo está de mal humor» expresa con palabras e imaxes o que acontece cando as nenas e os nenos, por algunha razón, se senten molestos, apáticos ou apesados. Por máis plans divertidos que a súa nai lle propón ao protagonista, nada lle praxe: nin ir ao parque, nin a nadar, nin ao cine... As súas excusas son inxenuas obviedades propias da primeira infancia. Paciente e comprensiva, a mamá ten a solución aos seus males; tamén unha das amigas deste entrañable gatiño que, con alegría e afecto, axúdalle a aliviar ese pesadume.

Este relato de Natalia Shaloshvili aborda a xestión das emocións e o desenvolvemento emocional. Sitúanos no ámbito doméstico e familiar onde uns animais humanizados representan un amplo abano de actitudes e sentimentos que experimentan as nenas e os nenos no seu día a día, a súa relación cos adultos e coas demais persoas que os rodean. A vida en comunidade, a importancia da socialización, da empatía e dos coidados mutuos están na cerna desta obra sinxela, motivadora e reconfortante que destaca pola tenrura e o humor das súas páxinas, e na que moitas lectoras e lectores verán reflectidas as súas sensacións. Porque calquera pode ter un mal día, a compañía e o apoio da familia e das amizades infunden ánimo e optimismo para superar esa situación pasaxeira.

As ilustracións, de trazos soltos e pouco definidos feitos con lapis de cores, pintura acrílica e acuarelas, xogan un papel crucial ampliando a capacidade comunicativa do texto e completando a comprensión da historia. Así, as impresións negativas que amosa Paulo ante as propostas de lecer que lle fai a súa nai, vense positivamente a través de escenas lúdicas e divertidas.

A ese contraste entre a parte narrativa e a visual, súmanse a expresividade dos personaxes e a convivencia en harmonía entre distintas especies de animais: gatos, cans, ratos, lobos, galiñas...



■ **Temática:** xestión das emocións e desenvolvemento emocional.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** emocións, sentimentos, afectos; familia, vida cotiá, amizade; actividades de lecer.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/paul-o-esta-de-mal-humor-g>

Natalia Shaloshvili

Artista plástica, autora e ilustradora de literatura infantil, de orixe ucraina. Graduada en arquitectura, na súa xuventude estudou nunha escola de arte, formación que retomou anos despois para dedicarse á ilustración. Iniciou a súa traxectoria como ilustradora editorial e de moda, traballando para varias revistas e axencias creativas de ámbito internacional. Na actualidade dedícase á ilustración de libros para nenas e nenos —colaborando con algunhas das principais editoras e con varios títulos traducidos a distintas linguas— e tamén á pintura. As súas obras atópanse en galerías e coleccións privadas de todo o mundo.

https://www.instagram.com/nataly_owl/

<https://animals.cafe/>

